

REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

MAPAS (IN)VISIBLES

CULTURAS EN DIÁLOGO

DEPUTACIÓN DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

DANIEL SEIJAS
ADRÍÁN PARDO
ELENA LESTEGÁS
EVA LESTEGÁS
BEATRIZ PENELO
SAMUEL BONILLA
ALBA LÓPEZ
ADÁN PEREZ
JULIA SALVADOR
LAURA SALVADOR
UXIA MEIJUEIRO
BLANCA SENRA
CELIA MORA
MANUEL GOMEZ
ELSA LAMELA
TEO CUETO
AINHOA GOMEZ
ANDRES REINA
OSCAR SANTOS
IRIA ABADES
JUAN ABADES

O seguinte fanzine é unha recopilación do material realizado por nenxs de entre 4 e 12 anos durante o Campamento do Museo do Mar no verán de 2018. Empregando a arte como principal ferramenta, xs participantes xeraron as súas propias historias e narrativas entorno as pezas da colección. As súas creacións permitironlles descubrir o museo e o seu contexto dende os seus propios ollos, visibilizando así os seus pensamentos e intereses. Achegarse a institución baixo as súas propias necesidades de sentido permitiulles comprendela como un espazo onde eles e elas tamén teñen voz.

PLANO PEMENTA
PROGRAMA MAPAS (IN)VISIBLES


MAPAS (IN)VISIBLES
CULTURAS EN DIÁLOGO

DEPUTACIÓN DE LUGO
ICOM ESPAÑA
REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
Ibermuseus Ibermuseos
Patrocinio.
Proyecto Premiado na 4ª convocatoria CONVERSACIONES MUSEOS e COMUNIDADES

SUPERÉLICE

traducido do castelán

Superélice de lancha foi a pescar.
Atopou un tiburón martelo e
pescouno!
Pero fixéronse moi amigos e
decidiu metelo nun acuario
xigante para salvalo e que non
morrera e así, poder vivir xuntos.



A AVENTURA DO TIMÓN

traducido do castelán

Ola!
Son un timón un pouco ancián porque levo moitos anos embarcado nun gran barco chamado Atlantis. Entón, ao ser tan vello, rompinme e tiráronme ao mar...

Afundín cada vez máis e cada vez máis lento e, ao cabo dunhas horas, quedei encallado entre dúas rochas. Pasou o tempo e, de pronto, apareceu un polbo moi estraño, porque brillaba na escuridade.

Entón o polbo, cos seus tentáculos, agarroume polas miñas asas e sacoume das rochas.
Comezamos a falar de como chegáramos ata alí e conteille a miña historia e o polbo comezou a chorar porque dáballe moita mágoa.

Decidido a axudar, o polbo levoume a ver a un amigo seu que vivía nun estaleiro submariño e pediulle ao seu amigo, o cachalote vexetariano, que se podía botarme unha man de verniz e, claro, dixo que si e botouma.

Cando sequei, emprendemos a viaxe de volta ao Atlantis e, dous días máis tarde, alcanzamos ao barco. O polbo alongou os seus tentáculos e púxome na cuberta xusto cando pasaba o capitán: *"Este é o meu vello timón!"* dixo instalándome de novo. E así, fun feliz por voltar a navegar.

O SUPERCENTOLO MEDORENTO

traducido do castelán

Ola! Son un supercentolo e seguro que pensas que son moi valente, pero non, eu teño moito medo de que me pesquen e vivo no mar de San Cibrao.

Un día pola tarde, que eu estaba deitado na sesta, escoitei un ruido moi raro pero cando me decatei de que era un barco de pesca... xa me pescaran!!!

Intentei escapar pero estaba enganchado na rede xunto a milleiros de peixes. Decateime de que ían levarme a unha fábrica para embotarme, entón belisquei ao señor que me levaba.

Tiven moita sorte porque aínda estábamos ao lado da praia e marchei rapidamente e metinme no mar.

Dende entón, non me voltaron pescar e vivo moi feliz.



A BOIA QUE TIÑA MEDO DO MAR

traducido do castelán

Érase unha vez unha boia que tiña medo do mar, mais un día atreveuse e tirouse á auga.

De repente, foi rodeada por tres tiburóns, pero veu unha onda xigante e salvouna.

A boia deuse conta de que podía flotar!! Entón saíronlle pernas e brazos e nadou ata ver unha illa e gritou: *TERRA FIRME!*

Ao lonxe viu un barco e comezou a facer sinais de fume. Así recolleuna un home, chamado Barba Roja.







O TIMÓN DO REVÉS

traducido do castelán

Érase unha vez un timón do revés chamado Peponcio. Un día decidiu sair a navegar, mais non podía porque estaba do revés e o barco estaba enganchado cunha corda no mar.

Pero como Peponcio é un pouco tonto tardou en decatarse de que non se estaba a mover. Mais Peponcio non se rinde, así que saíu do barco e buscou por toda a vila un mariñeiro pero non atopou ningún... Entón pensou : – *Xa sei! No porto seguro que hai mariñeiros e se me levan poderei ver o mar*-.

E así foi como atopou a uns mariñeiros que o levaron ao mar, pero resulta que o capitán puxo a Peponcio de timón e tirou ao mar o timón que estaba antes. Peponcio estaba triste, non por ir de timón, senón porque houberan tirado ao seu amigo á auga. Entón saiu do barco e tirouse á auga en busca do seu amigo.

Pasou anos buscándoo ata que finalmente atopouno. Foi o 22 de outubro de 2018.

Entón marcharon a súa casa e... *Colorín colorado, este conto quedou rematado.*





O BARCO PESCADOR

traducido do castelán

O barco pescador chamábase Barqui.
Barqui quería pescar e vivía no mar.
A Barqui gustáballe pescar pero estaba triste, mais pronto púxose alegre porque pescou o seu primeiro peixe.
Barqui foi a casa contento e díxolle á súa mamá:
Mami, mami!Hoxe pesquei o meu primero peixe :)



A AMEIXA XIGANTE

traducido do castelán

Vive no fondo do mar. Ten amigos no mar. Chámase Almejita e todos os seus amigos quérena.

E viron máis amigos de Almejita.

E viñeron homes a pescar.

E pescáronna, pero todos a agarraron. Como Almejita pesaba os homes asustáronse porque era moi grande.

Así Almejita salvouse gracias ao seus amigos.









O TIMÓN QUE SE MAREA

traducido do castelán

Ola, chámome Toby e son un timón. Teño 8 anos e encántame viaxar, a pesar de que sempre remato mareado.

Unha vez eu ía no Titanic e comeceime a marear máis e máis e ese foi o motivo do afundimento do Titanic. Todos os meus irmáns ríanse de min por ter sido a causa do naufraxio. .

Colléronme e rompéronme.

Pero non vos preocupedes. Agora estou ben e colocáronme na Fragata Magdalena. Espero non afundila, non quero romperme máis.

Adeus!!



PEPA A LANGOSTA

traducido do castelán

Érase unha vez Pepa a langosta. Un día Pepa perdeuse no mar e atopouse máis langostas. Así, Pepa a langosta, atopou máis amigos.

Regaláronlle un compás e entón, preguntouse onde estaba.

Así chegou ao mar de Galicia a langosta Pepa, e un home intentou pescala, pero non se lle daba moi ben a pesca e ela escapou e marchou do mar de Galicia cara outro mar.

Así, nadando nadando, chegou a Tenerife. E cando chegou e viu terra, a langosta Pepa atopou aos seus pais!

DETRÁS DO MUSEO

Un relato a varias voces.

Na casa que está á beira do museo vivía un vello coas barbas ata o cinto.

O home da barba longa xa non vive na casa vella porque está moi estragada e el non ten moitos cartos. Escolleu San Cibrao porque vivir aló non era demasiado caro e parecíalle un lugar moi moi agradable.

O home da barba longa non a cortaba e pronto creceulle ata os pés. Gustaba de ir a pescar e un día marchou a praia, vestido co seu bañador de tiburóns, disposto a se mergullar. Incluso viu dous cangrexos e un peixiño!!

O home da barba longa vive ao lado do museo porque gusta das cousas do mar, coma os aparellos e os animais. Cando el chegou a San Cibrao, xa coñecía á Maruxaina.

Desta volta foi nadando ata chegar onda ela; mais a Maruxaina non quería visitas, e menos a súa, porque estaba enfadada con el. Había tempo, el intentara morderlle a cola, porque a primeira vez que a viu pensou que era perigosa e pasou moito medo.

Como non facían as paces, o home voltou para casa, pero se deixara as chaves dentro.

Chamou aos bombeiros, pero non quixeron axudarlle, así que tivo que romper unha fiestra e colarse por ela. Mais nese momento decatouse de que o martelo que tiña na man, era o martelo do museo. E non só o martelo, dentro da casa había aínda máis cousas!

Precisaba pensar que facer, así que decide ir ao familia por unha bolsa de patacas fritidas. Con fame ninguén pode discorrer.

Decide voltar ao museo coas pezas porque é o mellor que pode facer pero, ups! a policía está esperando na porta!! Así que decide facerlles unha visita guiada.

Vaia, isto si que pode ser interesante :)